



**Resolución de 13 de maio de 2015 pola que se modifica a resolución de 8 de maio, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, en relación coa convocatoria de 24 de novembro de 2014, do programa VOLUNTARIADO DE LECTURA-A, destinado a alumnado de 5º e 6º de primaria en centros de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, durante o curso 2014/2015.**

Con data 8 de maio de 2015 publicouse a resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa convocatoria de 24 de novembro de 2014 do programa VOLUNTARIADO DE LECTURA-A, coa selección dos catro centros, un por cada provincia, que en función da valoración acadada na revisión das memorias de actividades presentadas, participarían nas xornadas de convivencia previstas, como premio ao alumnado que exerce funcións de voluntariado na biblioteca escolar e na xestión e realización de actividades de lectura compartida, dentro e/ou fóra do centro. Este programa desenvólvese en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar).

Diante da renuncia a participar nesta actividade por parte do centro que fora seleccionado pola provincia de Pontevedra,

RESOLVO:

Primeiro: Seleccionar para participar, mediante unha representación do alumnado voluntario na biblioteca escolar, ao centro seguinte, en función da valoración acadada pola súa memoria de actividades, da listaxe de centros da provincia de Pontevedra.

Segundo: Confirmar a participación nas xornadas de convivencia de Voluntariado de Lectura-A, a celebrar no CRD da Coruña (Culleredo), entre o 26 e o 29 de maio de 2015, aos centros que se relacionan, nos que se inclúe o novo centro:

Centro	Concello	Provincia	Modalidades
CEIP Francisco Vales Villamarín	Betanzos	A Coruña	1, 2
CEIP Ramón Falcón	Castro de Rei	Lugo	1,2,3
CEIP Carlos Casares	Xinzo da Limia	Ourense	1
CEP Altamira	Salceda de Caselas	Pontevedra	1,2

Segundo: Tal e como se recolle na resolución do 8 de maio desta dirección xeral, cada un dos centros recollidos no cadro tomarán decisións que consideren oportunas para a selección dun grupo de 12 alumnos e alumnas de entre o alumnado que participou máis directamente como colaboradores na biblioteca e noutras actividades das distintas modalidades nas que participaron. No caso de que o grupo de voluntariado sexa menor, as prazas resultantes distribuiranse entre o resto dos centros.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2015  
O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

José Manuel Pinal Rodríguez